

Os temas fundamentais da filosofía de Nietzsche.

Unha parte importante do pensamento de Nietzsche consiste en arremeter contra todo o que desvaloriza a vida. O filósofo lanza un ataque furibundo contra todas as tradicións que integran a cultura occidental (a filosofía, a relixión, a moral, o arte e a ciencia) porque nelas se esconden a mentira e a falsidade: unha completa e perversa deturpación da realidade, unha visión errada, intencionadamente errada, do ser, do mundo, do coñecemento e do home. Xa sabemos que esta *mixtificación* e terxiversación da verdade está posta ao servizo de intereses contrarios á vida que se agochan tras dos discursos pseudo-racionais da filosofía socrática, a metafísica platónica e a moral xudeo-cristiá. Nietzsche dirixe os seus dardos envelenados contra os discursos filosófico- morais que sustentan uns valores anti-vida. Pero, como el mesmo di, se ben é certo que é o home da fatalidade, o destrutor da moral occidental, a súa filosofía non só nega e critica, senón que tamén sabe dicir “si”, contén unha mensaxe afirmativa e de esperanza: “*eu son un alegre mensaxeiro*” (Ecce homo). Esta mensaxe esperanzadora recóllese, principalmente, nun libro, Así falou Zaratustra. Nesta obra aparecen os temas característicos da filosofía nietzscheana expostos en forma de símbolos ou metáforas.

A morte de Deus: A figura de Deus é unha metáfora que vale pola moral socrático-platónica-xudeo-cristiá e a metafísica platónica. Deus simboliza os valores anti-vida propios dunha moral que nega as paixóns vitais, o corpo e o mundo. Esta moral anti-vida é unha moral propia de individuos febles, débiles e gregarios que necesitan buscar refuxio noutro mundo e noutra vida para evadirse deste mundo e desta vida, porén, recibirá os cualificativos de moral de escravos ou moral de rebaño, por parte de Nietzsche. Trátase dunha moral, hexemónica en Occidente, que se asenta sobre as contraposicións entre o mundo sensible e o mundo ideal, entre a terra e o ceo, entre o corpo e a alma, entre a virtude e o pecado, etc. A figura de Deus representa estes valores e esta moral que son a máis absoluta antítese da vida e a máis radical negación do mundo. Consecuentemente, *a morte de Deus* simboliza a eliminación do mundo suprasensible en tanto que instancia ordenadora da nosa existencia. A

morte de Deus representa a caída dos vellos valores da moral contranatural (contraria á *moral sa* que afirma os instintos vitais).

Nihilismo: A morte de Deus é un acontecemento terrible, xa que ao desaparecer os vellos valores nos que creía o home occidental e ficar este sen valores, o individuo queda desorientado, perdido, aboiando na nada (*nihil*). Efectivamente, ao desaparecer os vellos valores que veneraba o home occidental (“as vellas verdades”, como repite Nietzsche en todas as súas obras), este fica sen valores, desorientado e desnortado, sen un sentido que darlle a súa existencia. Nietzsche afirma que o nihilismo non é unha teoría filosófica, senón un movemento histórico ao que se ve arrastrada a civilización occidental que avanza inexorablemente cara a súa propia destrución. Todos os valores da cultura occidental son falsos valores, porque todos eles proceden dunha vontade hostil á vida, a saber, de oposición aos instintos vitais. Porén estes valores anti-vida caen polo seu propio peso, non sendo máis que mentiras que intentan asfixiar a vida, pero a vida é máis forte que aquilo que quere oprimila. Falamos de ***nihilismo pasivo*** no sentido arriba indicado, a saber, como a sintomatoloxía dunha civilización que entrou en franco proceso de decadencia e de retroceso. Este nihilismo pasivo é un momento de tremenda dúbida, de desorientación radical e de perda do sentido da existencia. O individuo produto da civilización occidental fica suspendido no baleiro, na nada. Esta etapa é a época do *último home* que ven caracterizada polo pesimismo e o esgotamento xeral dunha sociedade e a súa cultura. Pero, esta situación de *fin de século* abre a posibilidade para que se potencie unha forza crecente de destrución e violencia que arremeta contra os valores vixentes que están a piques de esnaquizarse en mil anacos. Os valores dominantes non se derruban unicamente por si sos, senón que son a súa vez demolidos por unha poderosa vontade de poder que di *non* a eses valores. O nihilismo pasivo como crepúsculo dunha civilización é a condición favorable que pode dar paso ao momento do ***nihilismo activo*** para que a vontade de poder cre valores novos. Este é o momento dunha nova valoración da vida, o momento da esperanza, dunha nova aurora, o intre para poder avanzar cara a unha nova forma superior de home (o superhome).

Transmutación (ou transvaloración) dos valores: Como xa dixemos, é precisamente a morte de Deus, o intre da desaparición dos vellos valores, este momento de desorientación radical e de absoluta perda de sentido da existencia do home occidental, o que permite a posibilidade de crear novos valores. Valores novos que afirmen a vida (os instintos, as paixóns, os desexos, o corpo, as pulsións vitais, a sexualidade, a sensualidade, etc.) e o mundo (o devir, o cambio, a pluralidade, a diversidade). Transmutar os valores significa valorar, apreciar de novo aquilo que dende hai milenios foi desprezado e minusvalorado, vilipendiado pola moral occidental, a saber, esta vida e este mundo, a única vida e o único mundo que existen.

Superhome: O superhome é aquel individuo forte, nobre e elevado, capaz de levar a cabo a transmutación dos valores: é o aniquilador dos vellos valores e o creador de valores novos que recuperan os instintos vitais do home. A partir do momento do derrube dos vellos valores (*nihilismo pasivo*) ábrese a posibilidade, para os espíritos fortes, de acelerar a caída das vellas mentiras (*nihilismo activo*). Pero esa poderosa forza destrutiva que caracteriza ao superhome convértese nunha potencia creadora de novos valores. Valores que non negan (como os valores da moral occidental, que negan a vida, o corpo, o mundo), senón que afirman, que din “si” á vida, o corpo e a terra. A moral do superhome é unha moral de señores, dos que se distancian da moral do rebaño, da masa, da moral gregaria. O superhome é un solitario. O superhome aséntase no devir da vida e do mundo, sen necesidade de refuxiarse en trasmundos como fan os débiles e cansados que seguen os mandatos da moral de escravos. O superhome vive sendo fiel a esta terra e a esta vida.

Vontade de poder: A vida, o mundo e o home son a máxima expresión da vontade de poder, isto é, son modos e formas nos que a vontade de poder se expresa, se manifesta como a vontade ou o desexo de ser máis, de vivir máis, de superarse. O mundo é unha pluralidade forzas contrapostas en permanente tensión, en imparable expansión, en loita constante por impoñerse as unhas sobre as outras. Detrás desta contraposición de forzas non existe finalidade, nin intencionalidade, nin providencia divina, nin lei natural algunha, senón que o mundo está gobernado polo azar e o caos. Nesta concepción do mundo déixanse translucir as formulacións das

filosofías presocráticas acerca do cosmos. Referida ao home en particular, a vontade de poder é a vontade de aniquilar os vellos valores e de crear valores novos. Así, pois, vontade de poder: forza destrutora dos vellos valores e potencia creadora de valores novos. A vontade de poder do superhome esnaquiza os valores vellos, actividade aniquiladora coa que o superhome contribúe a acelerar a caída dos valores dominantes que xa se empezaron a derrubar por si sos ao ser contrarios á vida. Xustamente, é a desaparición dos vellos ídolos (*crepúsculo dos ídolos*) a que lle deixa liberdade ao superhome para inventar novos valores dando renda solta a súa creatividade e o seu sentido lúdico. O superhome é un neno que empeza dende o inicio, partindo de cero, o xogo da creación e recreación de valores novos. O superhome é un artista que crea valores novos movido pola paixón pola beleza que se expresa no propio arte creador de valores.

Eterno retorno: Implica unha innovadora concepción do tempo que afirma a eternidade do curso temporal: todo ten que ter existido e todo ten que volver a ser. Esta concepción cíclica do tempo, que Nietzsche recolle dos filósofos presocráticos, contraponse á visión lineal e teleolóxica (intencional e con finalidade) do tempus da moral cristiá (xénese, nacemento e morte de Cristo, apocalipse). O eterno retorno tamén simboliza a suprema fórmula de fidelidade á terra e a vida: un dicir “si” á vida e o mundo. Valorar a vida como é, cos seus momentos sublimes de goce e pracer e cos seus momentos de abismo de dor e sufrimento. Aceptar e amar o mundo como devir, fluxo constante, recoñecer o mundo como fugacidade e como unha realidade definida pola súa pluralidade e diversidade. Así, pois, o eterno retorno é un símbolo, unha metáfora, que expresa que tan só existen esta vida e este mundo e o amor supremo por este mundo e esta vida e a súa aceptación tal e como son a vida e o mundo. Para o superhome, a terra e a vida non son un castigo, *un val de bágoas* ao que vimos a sufrir, como afirma o cristianismo. Moi ao contrario, o superhome ama tanto a vida e o mundo que desexaría vivir esta mesma e idéntica vida que levou unha e outra, e outra, e outra vez, en infinito retorno, co seu pracer e a súa dor. Tan só por volver a vivir, o superhome desexaría vivir en eterno retorno a mesma e idéntica vida infinitas veces.